



CONCELLOS

GUNTÍN

Anuncio

Aprobado inicialmente por el Pleno de la Corporación el expediente de modificación de créditos nº5/2019, modalidad SUPLEMENTO/AMPLIACIÓN DE CRÉDITO para inversiones financieramente sostenibles dentro del vigente presupuesto municipal, en cumplimiento de lo dispuesto en el art. 177 en relación con el artículo 169 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales aprobada por el Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, se expone al público en la Secretaría de este Ayuntamiento, por plazo de quince días hábiles, que empezarán a contarse desde el siguiente al de la inserción del presente edicto en el Boletín Oficial de la Provincia, a fin de que durante el mismo puedan formularse las reclamaciones que se consideren pertinentes, que deberán ser dirigidas al Sr. Alcalde-Presidente de esta Corporación.

Guntín, 01 de abril de 2019.- El Alcalde, Jesús Carreira Ferreiro.

R. 0929

MONTERROSO

Anuncio

DECRETO DE ALCALDÍA 27/03/19

Considerando que corresponde aos Tenentes de Alcalde, en canto tales, substituír na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento, ao Alcalde, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a este para o exercicio das súas atribucións, así como desempeñar as funcións do Alcalde nos supostos de vacante na Alcaldía ata que tome posesión o novo Alcalde.

Considerando que o Sr. Alcalde atoparase ausente do Municipio durante 6 días.

Por todo iso, en virtude do disposto nos artigos 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de acordo cos artigos 44 e 47 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro,

RESOLVO

PRIMEIRO. Delegar en D. Marcelino Vázquez García, Primeiro Tenente de Alcalde, a totalidade das funcións da Alcaldía, nos termos do artigo 23.3 Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, durante 6 días, 1, 2, 3, 4, 10 e 11 de maio de 2019.

SEGUNDO. A delegación comprende as facultades de dirección e de xestión, así como a de resolver os procedementos administrativos oportunos mediante a adopción de actos administrativos que afecten a terceiros.

TERCEIRO. O órgano delegado ha de informar a esta Alcaldía, a posteriori, e, en todo caso, cando se lle requira para iso, da xestión realizada e das disposicións ditadas no período de referencia, e con carácter previo daquelas decisións de transcendencia, tal e como se prevé na o artigo 115 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

CUARTO. A delegación conferida no presente Decreto requirirá para a súa eficacia a aceptación do órgano delegado, entendéndose esta outorgada tacitamente se non se formula ante esta Alcaldía expresa manifestación de non aceptación da delegación no termo de tres días hábiles contados desde o seguinte a aquel en que lle sexa notificada esta resolución.

QUINTO. A presente resolución será publicada no Boletín Oficial da Provincia, dándose conta do seu contido ao Pleno da Corporación na primeira sesión que esta celebre.

SEXTO.No non previsto expresamente nesta resolución aplicaranse directamente as previsións da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, en canto ás regras que para a delegación establécense en devanditas normas.

Mándao e asina o Sr. Alcalde, D. Miguel Rico Gómez, en Monterroso, a 27 de marzo de 2019, do que, como Secretaria, dou fe.

Monterroso, 27 de marzo de 2019.- O alcalde, Miguel Rico Gómez. A secretaria, María del Pilar Darriba Muñoz.

R. 0910

PARADELA

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO CONTA XERAL EXERCICIO 2018

Unha vez formulada e rendida a Conta Xeral do orzamento correspondente ao exercicio económico de 2018 e unha vez informada pola Comisión Especial de Contas, expónse ao público cos documentos que a xustifican na secretaría do concello polo prazo de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da inserción do presente Edicto no BOP, co obxecto de que durante este prazo e oito días máis os interesados poidan examinala e presentar as reclamacións, reparos ou observacións que estimen pertinentes, de conformidade co disposto nos artigos 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e 212 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais.

Paradela, 28 de marzo de 2019.- O Alcalde, José Manuel Mato Díaz.

R. 0911

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 4/2019, PRIMEIRO NA MODALIDADE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO.

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o 28 de marzo de 2019, o expediente de modificación de créditos nº 4/2019, primeiro na modalidade de crédito extraordinario, en cumprimento do que se dispón no artigo 169.1 por remisión do 177.2 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese o expediente a exposición pública polo prazo de quince días contados dende o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

De conformidade co acordo adoptado, a modificación de crédito considerarase definitivamente aprobada, se durante o citado prazo non se presentan reclamacións.

En Paradela, 28 de marzo de 2019.- O Alcalde-Presidente, José Manuel Mato Díaz.

R. 0912

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 5/2019, PRIMEIRO NA MODALIDADE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO PARA A APLICACIÓN DO SUPERÁVIT ORZAMENTARIO PARA INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES.

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o 28 de marzo de 2019, o expediente de modificación de créditos nº 5/2019, primeiro na modalidade de suplemento de crédito para a aplicación do superávit orzamentario para investimentos financeiramente sostibles, en cumprimento do que se dispón no artigo 169.1 por remisión do 177.2 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese o expediente a exposición pública polo prazo de quince días contados dende o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

De conformidade co acordo adoptado, a modificación de crédito considerarase definitivamente aprobada, se durante o citado prazo non se presentan reclamacións.

En Paradela, 28 de marzo de 2019.- O Alcalde-Presidente, José Manuel Mato Díaz.

R. 0913

Anuncio

CONVOCATORIA ELECCIÓN XUÍZ DE PAZ TITULAR E SUBSTITUTO DO CONCELLO DE PARADELA.

OBXECTO.- A presente convocatoria ten por finalidade a elección de Xuíz de Paz titular e substituto do Concello de Paradela, polo Pleno do Concello, entre as persoas que reunindo os requisitos legais, o soliciten.

PRAZO.- Fíxase un prazo de presentación de solicitudes, de 15 días hábiles, contados dende o seguinte ao da publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

CONDICIÓNS LEGAIS.- Poderá ser nomeado Xuíz de Paz titular e substituto quen, aínda non sendo licenciado en dereito, reúna os requisitos establecidos na Lei Orgánica do poder Xudicial para o ingreso na carreira xudicial, agás os derivados da xubilación por idade, sempre que esta non supoña impedimento físico ou psíquico para o cargo.

Durante o seu mandato os Xuíces de Paz estarán suxeitos ao réxime de incompatibilidades e prohibicións reguladas nos artigos 389 a 397 da Lei Orgánica do poder Xudicial no que lles sexa aplicable. En todo caso terán compatibilidade para o exercicio das seguintes actividades:

- a. A dedicación á docencia ou á investigación xurídica.
- b. O exercicio de actividades profesionais ou mercantís que non impliquen asesoramento xurídico de ningún tipo e que, pola súa natureza, non sexan susceptibles de impedir ou menoscar a súa imparcialidade ou independencia nin poidan interferir no estricto cumprimento dos deberes xudiciais.

Os candidatos deberán reunir os seguintes requisitos:

- a. Ser español e maior de idade.
- b. Non estar incurso nalgunhas das causas de incapacidade que establece a Lei.

DURACIÓN.- O Xuíz de Paz titular e substituto será nomeado por un período de catro anos.

DOCUMENTACIÓN.- Os candidatos que desexen participar deberán presentar unha solicitude no rexistro municipal, subscrita polo interesado, a que anexará os documentos seguintes:

- a. Certificación de nacemento ou fotocopia auténtica do DNI.
- b. Certificación expedida polo Rexistro Central de Penados e Rebeldes e declaración complementaria a que fai referencia o artigo 2 da Lei 68/1980.
- c. Xustificación dos méritos que alegue o solicitante.
- d. Declaración xurada de non acharse incurso en ningunha das causas de incompatibilidade nin prohibición regulada nos artigos 389 a 397 da Lei Orgánica 6/1985 e 23 do Regulamento 3/1995.

Paradela, 29 de marzo de 2019.- O Alcalde, José Manuel Mato Díaz.

R. 0918

QUIROGA

Anuncio

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 22 de marzo de 2019, adoptou o seguinte acordo:

1º) Prestarlle aprobación ao Padrón de Auga, lixo e ecotaxa correspondente ao primeiro trimestre do exercicio de 2.019.

2º) Que se expoña ao público polo prazo de quince días a efectos de exame e reclamacións, mediante a inserción de edicto no Boletín Oficial da Provincia, e mediante anuncio no taboleiro de edictos no Concello conforme ao establecido na Lei Xeral Tributaria e na ordenanza fiscal reguladora.

3º) Que se poña ao cobro nos termos do artigo 62.2 da Lei 58/2003: se a notificación da liquidación se realiza entre os días 1 e 15 de cada mes dende a data de recepción da notificación ata o día vinte do mes posterior ou si este non fose hábil ata o inmediato hábil seguintes; si a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e último de cada mes dende a data de recepción da notificación ata o día 5 do segundo mes posterior ou si este

non fose hábil ata o inmediato hábil seguinte en período voluntario. A partir da devandita data pasará á recadación executiva co conseguente recargo de prema e demais custos derivados da execución forzosa.

4º) A falta de pago no período voluntario sinalado suporá a existencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

5º) A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

Quiroga, a 22 de marzo 2019.- O Alcalde-Presidente, Julio Álvarez Núñez.

R. 0914

O VALADOURO

Anuncio

APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE FEBREIRO DE 2019.

Aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 15 de marzo de 2019, o Padrón de contribuíntes do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrencia e de dependencia, correspondente ao mes de febreiro de 2019 polo importe total de 5.286,36€.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

En O Valadouro, 26 de marzo de 2019.- O Alcalde, Edmundo Maseda Maseda.

R. 0915

Anuncio

APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE XIMNASIO MUNICIPAL DO CONCELLO DE O VALADOURO DO MES DE XULLO DE 2018.

Aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 21 de marzo de 2018, o Padrón de contribuíntes do prezo público do Servizo de Ximnasio Municipal do Concello de O Valadouro, correspondente ao mes de Xullo de 2018 polo importe total de 176,00€

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

En O Valadouro, 27 de marzo de 2019.- O Alcalde, Edmundo Maseda Maseda.

R. 0916

XOVE

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía nº 2019 -0138 de data 27 de marzo de 2019, aprobouse inicialmente o Padrón da Taxa pola prestación dos servizos de subministración de auga, no que se inclúe o canon de auga, e pola recollida de lixo domiciliar correspondente ó cuarto trimestre de 2018.

Por medio do presente pónse no coñecemento dos contribuíntes obrigados ó pago, que dispoñen de un prazo de quince días, contados a partires da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ó obxecto de que poda ser examinado e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a

definitivo si, transcorrido o prazo de exposición pública, non se tivese formulado ningunha reclamación contra o mesmo.

Contra o mesmo poderase interpoñer o recurso de reposición no prazo de un mes dende a publicación deste anuncio, sendo o procedente no caso do canon da auga a reclamación económico - administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

PERÍODO DE COBRO

De conformidade co disposto no artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre os días 8 de abril de 2019 ata 7 de xuño de 2019.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o período executivo, esixíndose as débedas polo procedemento de constrinximento, reportando o recargo de constrinximento, xuros de demora e, no seu caso, as costas que se produzan.

No caso do canon da auga a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

O presente anuncio, en ámbolos dous supostos de anuncio de exposición ó público do Padrón e período de cobro en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro.

Xove a 28 de marzo de 2019.- O Alcalde, D. Jose Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 0917